

**MODIFICACIÓN DA CONCRECIÓN CURRICULAR.
CURSO 2021/2022**

CEIP NOALLA-TELLEIRO (SANXENXO)

29/03/2022

Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

Índice:

- 1. Criterios xerais para a avaliación do alumnado.**
 - 1.1. Criterios para o tratamento de materias pendentes.**
 - 1.2. Criterios de promoción do alumnado de curso/etapa.**
- 2. Criterios de outorgamento de mención honorífica.**
 - 2.1. Criterios xerais.**
- 3. Criterios xerais na modificación das programación didácticas do curso 21/22**
 - 3.1. Procedemento para a recuperación de materias pendentes.**
 - 3.2. Modelo utilizado para a modificación das programación.**
- 4. Aprobación e publicidade**
 - 4.1. Aprobación.**
 - 4.2. Publicidade.**

1. Criterios xerais para a avaliación do alumnado	
1.1 Criterios para o tratamento de materias suspensas	<ul style="list-style-type: none"> • Cando o progreso dun alumno/a non sexa satisfactorio estableceranse medidas de reforzo educativo, en calquera momento do curso. • Dentro das medidas de atención ordinaria, a primeira consistirá nun reforzo sen apoio que o propio mestre da área diseñará para alumnos/as con dificultades para o seguimento da programación, tanto por defecto como por exceso (traballos de reforzo, ampliación...) • Realizaranse Talleres de Recuperación para alumnado con especiais dificultades, que serán atendidos por mestres de apoio ou con dispoñibilidade horaria. Diseñaranse a partir dos horarios de cada un e terán carácter flexible en función das necesidades de cada momento. • A seguinte medida será un reforzo con apoio específico por parte dun mestre de PT ou AL. Será necesario que este reforzo sexa aconsellado por unha avaliación psicopedagóxica que realizará o departamento de Orientación seguindo os pasos que figuran no Plan de Orientación e na PXA. • Informarase aos pais/nais as veces que sexa necesario para ter un mellor seguimento dos seus fillos, fillas.
1.2 Criterios de promoción do alumnado de curso/etapa	<ul style="list-style-type: none"> • En 1º, 3º e 5º de educación primaria a promoción será automática. • En 2º, 4º e 6º de educación primaria a decisión será colexiada por parte do grupo de mestres que lle dan clase ao alumno/a. Atenderase principalmente aos informes do titor/a e escoitarase a opinión dos pais/nais. • A non promoción será unha medida moi excepcional, e tomarase despois de agotar negativamente os reforzos e apoios que teña durante o curso. • Un alumno/a promocionará en 2º, 4º ou 6º sempre que alcance o desenvolvemento adecuado das competencias clave e un axeitado grao de madurez conforme a súa idade. • Promocionará igualmente cando as aprendizaxes non alcanzadas non sexan un obstáculo para seguir satisfactoriamente o novo curso.

	<ul style="list-style-type: none"> • Non Promocionará aquel alumno/a que non supere os obxectivos mínimos de máis de dúas áreas. Cando esto suceda terase en conta para a promoción o criterio da xunta de avaliación que valorará a consecución dos mínimos competenciais, as destrezas básicas adquiridas, a inclusión dentro do grupo e o grao de madurez. • Ao final de 2º e 4º de educación primaria os titores farán un informe sobre o grao de adquisición das competencias, indicando as medidas de reforzo a adoptar se fora necesario no ciclo seguinte. • Ao final de 6º de primaria o titor/a fará un informe sobre a súa evolución e o grao de adquisición das competencias na etapa, coas medidas de reforzo que se adoptaron se foi o caso e a súa necesidade de continuidade na nova etapa escolar.
--	---

2. Criterios xerais de outorgamento da mención honorífica ao final de primaria	
2.1. Criterios xerais	<p>O alumnado de 6º de educación primaria poderá obter unha mención honorífica no curso 21/22 se a súa nota media é igual ou superior a 9 puntos.</p> <p>Por tratarse dun centro con menos de 20 matriculados en 6º curso, só se poderá conceder 1 mención honorífica.</p>

3. Criterios xerais na modificación das programación didácticas do curso 21/22	
3.1. Procedemento para seguimento da recuperación das materias pendentes	<p>Farase un seguimento das medidas de reforzo adoptadas con alumnos/as que teñan materias suspensas baseado na observación directa, traballo na aula, probas escritas e orais e distintas recollidas de datos.</p> <p>Así quedará reflexado nas programación didácticas de cada curso.</p>
3.2. Modelo utilizado por todo o profesorado para a modificación das programación didácticas	<p>O remitido no seu día pola Inspección Educativa.</p>

4. Aprobación e publicidade	
4.1. Aprobación	Todas as medidas e criterios anteriormente citados foron aprobados polo claustro do centro celebrado o xoves 31 de marzo de 2022 ás 14:00 horas.
4.2. Publicidade	Esta modificación curricular publícase na Web do centro o xoves 7 de abril de 2022. Na mesma data avísase ás familias por abalar móbil da súa publicación.